



**BASES REITORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN DUN ADMINISTRATIVO/A PARA A
REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO DENOMINADA “APOIO AS LABORES
ADMINISTRATIVAS DA MAIV (2023)” A TRAVÉS DUNHA SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE AO ABEIRO DA ORDE DE 9 DE XANEIRO DE 2023¹**

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

Estas bases teñen por obxecto a determinación do sistema, procedemento e baremos reitores das probas que se aplicarán no procedemento de selección que se levará a cabo para a contratación dunha persoa en situación de risco ou exclusión social, para a realización da obra ou servizo denominado “Apoio as Labores Administrativas da MAIV”, acollido a Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade do 9 de xaneiro de 2023¹.

A praza que se convoca e de 1 **Oficial administrativo/a** para o servizo “Apoio ás labores administrativas da MAIV”.

O proceso selectivo iniciarase, unha vez recibida e notificada a Resolución de concesión da correspondente axuda á Mancomunidad por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, coa presentación de oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia segundo recolle o artigo 13.e) da Orde de 9 de xaneiro de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

2. POSTO DE TRABALLO A CUBRIR

Un Oficial Administrativo/a para o servizo de “Apoio ás labores administrativas da MAIV (ano 2023)” no marco da subvención concedida á Mancomunidad de Vigo, ao abeiro da Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade do 9 de xaneiro de 2023 reguladora das axudas dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA.

3. ENTIDADE CONTRATANTE

Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo.

4. PERÍODO E CARACTERÍSTICAS DA CONTRATACIÓN

A contratación que derive do procedemento selectivo será en réxime laboral temporal de duración determinada, baixo a modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco dos programas de activación para o emprego previsto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo. Disposición adicional novena.

O contrato de traballo será de carácter temporal, por un período de 9 meses. O tipo de xornada será parcial, correspondendo a un 75% da xornada completa, tal como consta na Resolución da concesión de subvención. A xornada laboral será de 28,12 horas semanais, prestadas de luns a venres.

¹ *ORDE do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR351F).*



En canto ás retribucións, aplícanse as táboas salariais do Convenio de Oficinas e despachos da provincia de Pontevedra (BOP 28/09/2011), actualizado polo Real Decreto 99/2023 de 14 de febreiro. Como referencia, o salario bruto mensual será de 945,00 €, incluíndo a prorrata das pagas extraordinarias correspondentes.

5. FUNCÍONS PRINCIPAIS A DESENVOLVER

- Atención telefónica.
- Atención ao público que se achegue a sede da MAIV.
- Xestións administrativas da MAIV.
- Arquivo, clasificación e tratamento de documentos, expedientes e publicacións. Esta labor consistirá na organización de documentación nos correspondentes expedientes, o arquivo, ordenación ou destrución dos mesmos e a realización dos traslados que procedan. Tamén se inclúe o arquivo das publicacións propias e alleas na biblioteca da MAIV.
- Xestión e distribución do correo saínte da MAIV.
- Introducción de datos e información en bases de datos.
- Atención administrativa aos usuarios do SAE (Servizo de Asesoramento a Emprendedores)
- Actualización de bases de datos
- Confección de resumos e mailings para informar sobre novidades no eido do emprendemento.
- Apoio administrativo na tramitación de axudas a emprendedores.
- Auxilio na recompilación e dixitalización da documentación precisa para a tramitación de axudas por parte dos usuarios/as do servizo.
- Apoio no mantemento da web/rrss/blog Emprendenarede para difusión de actividades dos proxectos asesorados polo SAE.
- Apoio na recollida de datos estatísticos das memorias de servizo do SAE

Todos os traballos serán realizados baixo a dirección e supervisión dos responsable técnicos da MAIV.

6. PERFIL REQUIRIDO

Para tomar parte na selección será preciso cumprir os requisitos seguintes na data de remate do prazo concedido para a presentación de instancias:

6.1. Requisitos xerais dos/as aspirantes:

- Ter nacionalidade española. As persoas nacionais dos demais estados membros da Unión Europea e as persoas estranxeiras residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións que as/os españolas/españóis a aqueles sectores da función pública aos que segundo o Dereito Comunitario sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras. Deberán acreditar a súa nacionalidade ou a súa residencia respectivamente e o cumprimento das condicións establecidas para todas as persoas aspirantes, mediante tarxeta acreditativa orixinal ou fotocopia, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.
- Ter cumprido dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de funcións públicas.



- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que aspira: non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das funcións asignadas, sen prexuízo de que sexa admitidas as persoas con minusvalía en igualdade de condicións.

6.2. Requisitos específicos dos/as aspirantes:

- Estar en posesión dunha titulación académica de Formación Profesional de grao superior (ciclo superior en administración e finanzas ou similar), FPPII na rama administrativa ou superior, Bacharelato ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite a súa homologación.
- Estar desempregado/a e inscrito/a como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.
- Os/as aspirantes deberán ser, en todo caso, persoas perceptoras da RISGA (Renda de integración social de Galicia). Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.
- Estar incluídas na listaxe remitida pola oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia, que se encargará da comprobación previa dos requisitos para poder optar ao posto de traballo, en función da normativa de aplicación e das presentes bases, unha vez presentada a oferta de emprego público por parte da Mancomunidad de Vigo.

Por outra banda, en base ao establecido nas bases reguladoras artigo 13.d da Orde do 9 de xaneiro 2023 (DOG nº 22 do 1 de febreiro 2023), terán preferencia as persoas perceptoras da RISGA que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares.

7. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

As presentes bases reguladoras do proceso de selección dun administrativo para a realización da obra ou servizo denominada “Apoio as labores administrativas da MAIV (2023)”, unha vez aprobadas pola entidade promotora, serán expostas ao público no taboleiro de anuncios e na páxina web da Mancomunidad de Vigo.

As bases que regulan o proceso selectivo e toda a documentación informativa que se elabore con respecto a esta convocatoria estará exposta, cando menos, no taboleiro de anuncios da sede da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo, podendo ser consultada en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres en días laborables, así como na súa páxina web, no enderezo www.maiv.org/institución/ofertas de emprego.

Todas as fases do proceso, así coma os resultados das distintas fases, iranse publicando tamén na páxina web da Mancomunidad de Vigo, no apartado www.maiv.org/institución/ofertas de emprego.

8. INICIACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

O artigo 13.h. da Orde do 9 de xaneiro de 2023 establece que *“Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego que busca incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, no proceso de selección seguiranse os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura das ofertas de emprego, polo que non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas, incluso cando a entidade promotora sexa un organismo público. Neste último suposto, as persoas traballadoras*



seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

Así, tal como establece tamén o artigo 13.e) da citada orde reguladora, o sistema de admisión de candidatas/as será o de oferta de emprego, tramitada na oficina de emprego correspondente ao domicilio da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo mediante os modelos normalizados correspondentes.

Deste xeito, o proceso selectivo iniciarase coa presentación de oferta de emprego por parte da entidade promotora (Mancomunidad de Vigo) ante o Servizo Público de Emprego de Galicia.

O ámbito xeográfico da sondaxe será o correspondente aos concellos da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo. Só no caso de non atoparse candidatos suficientes neste ámbito territorial, ampliarase a sondaxe cos mesmos requisitos, á provincia de Pontevedra.

O número de candidatos solicitados será de CINCO, que deberán cumprir os requisitos mínimos establecidos no apartado 6, e especialmente, os requisitos de ser perceptores da RISGA e estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas, tal como establece a Orde de 9 de xaneiro de 2023 da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade.

A oficina de Emprego realizará unha sondaxe entre os demandantes que cumpran as condicións establecidas e convocará aos candidatos/as que resulten da sondaxe comunicándolles a forma, lugar e prazo de presentación da solicitude de participación no proceso e da documentación acreditativa de cumprir os requisitos previstos, e tamén poderá encargarse de comprobar directamente aqueles requisitos aos que poida ter acceso.

Non obstante, de cara a garantir que todas as persoas candidatas dispoñan da información precisa, a Mancomunidad de Vigo tamén poderá chamar telefonicamente aos candidatos/as resultantes do proceso de sondaxe para informarlles do día e hora en que deberán presentarse na sede da Mancomunidad de Vigo (Vía Hispanidade, 17) para poder participar nas probas de selección.

No caso de que os candidatos/as seleccionados/as na primeira sondaxe non cumprisen os requisitos ou renunciasen a participar no proceso de selección, a Mancomunidad de Vigo poderá requirir da oficina de emprego unha nova sondaxe solicitando ata un máximo de 5 candidatos adicionais, sempre que na base de datos da oficina de emprego existisen candidatos suficientes.

As persoas candidatas resultantes da sondaxe en base á oferta de emprego realizada deberán presentar, na forma e prazo que se lle indique, un modelo de solicitude segundo o modelo que acompaña estas bases como anexo I, solicitando a súa participación no procedemento.

Os/as candidatos/as remitidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia, que cumpran os requisitos establecidos no punto 6 destas bases constituirán o listado de admitidos/as.

9. CONSTITUCIÓN DO GRUPO DE TRABALLO ENCARGADO DA SELECCIÓN (COMISIÓN DE SELECCIÓN)

A Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2023, establece no artigo 13.c) que “A selección de persoas traballadoras que se contraten será realizada pola entidade local beneficiaria, que actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación”.

Por outra banda, tal como se apuntaba na base anterior, o artigo 13.h. da Orde do 9 de xaneiro de 2023 establece que “*non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas, incluso cando a entidade promotora sexa un organismo público*”.



En base ao anterior e para proceder á selección da persoa que será contratada na praza que é obxecto destas bases, a Mancomunidad de Vigo nomeará un grupo de traballo (Comisión de Selección) que estará integrada por un total de tres membros, actuando un deles como presidente e outro como secretario, imprescindiblemente.

A composición da Comisión de selección será fundamentalmente técnica e os seus membros deberán estar en posesión de titulación igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas. Poderán ser designados membros suplentes, cos mesmos requisitos.

O nomeamento dos membros titulares e posibles suplentes que constituirán a Comisión de selección realizarase por decreto da Concelleira Delegada da MAIV, de entre o persoal da propia entidade promotora (MAIV) ou dalgún dos concellos integrantes da mesma.

Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do Obradoiro de emprego poderá formar parte do órgano encargado da selección nin auxiliar á mesma nas tarefas de selección. A pertenza ao órgano de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ningún.

Todos os membros da Comisión terán voz e voto. O grupo de traballo considerase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, dous dos seus compoñentes, tendo a persoa que ostente a presidencia voto de calidade, para os supostos de empate nas votacións.

As resolucións deste grupo de traballo vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto na lexislación vixente reguladora do procedemento administrativo común e do réxime xurídico do sector público.

10. NORMAS XERAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE SELECCIÓN

10.1. Fases de selección

O sistema de selección comprenderá unha proba práctica sobre coñecementos de programas informáticos de oficina, unha fase de valoración de requisitos preferentes e unha entrevista curricular/profesional.

Os/as candidatos/as serán convocados conxuntamente, tal como se establece no punto 8 destas bases, na data e hora que se lles comunicará debidamente, e nesta mesma sesión terán lugar as tres fases das que consta o proceso de selección, cos seguintes baremos:

- **unha proba práctica**, que consistirá na realización dunha práctica no ordenador sobre coñecementos de programas informáticos de oficina dos/as participantes (tratamento de textos, folla de cálculo e/ou bases de datos). Esta proba terá unha puntuación total de 5 puntos.

Esta proba práctica terá carácter eliminatorio, é dicir, será requisito imprescindible realizar a proba escrita e obter unha valoración mínima de dous puntos e medio (2,50) nela, para que se valore e puntúe tamén a fase posterior de entrevista persoal. No caso contrario, xa non se publicará a puntuación na fase de entrevista, figurando no resultado final de selección a mención de “non apta” para a persoa candidata que non chegue aos dous puntos e medio.

Non obstante, de xeito excepcional e só no caso de non quedar candidatos que obtivesen a puntuación mínima (por non ser ningún apto ou por renuncia dos que resultasen aptos), quedará a criterio do Comisión de Selección optar por algunha das seguintes opcións (decisión que quedará reflectida na acta correspondente):

- o Solicitar novos/as candidatos/as á oficina de emprego, repetindo o procedemento coas novas persoas aspirantes.



- o Fixar unha nota de corte mínima inferior á establecida nestas bases, considerando a complexidade técnica da proba de coñecementos e as esixencias do posto de traballo.
- **valoración de criterios de inclusión social** (non obrigatoria e puntuable), segundo o artigo 13.d) da Orde de 9 de xaneiro de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, cun máximo de 1 punto:

| | |
|---|------------|
| Ter asignado un proxecto de inserción de carácter laboral | 0,50 punto |
| Ser maior de 45 anos | 0,25 punto |
| Ter cargas Familiares (*) | 0,25 punto |

(*)Ter fillos menores ou menores en acollemento de 18 anos, ter fillos cun grao de discapacidade maior ao 33% ou ter ascendentes ao seu cargo

- **unha entrevista persoal** coa Comisión de Selección que avaliará os aspectos curriculares ou profesionais da persoa candidata. A puntuación máxima da entrevista será de 4 puntos.

Na fase de entrevista valoraranse, principalmente, os seguintes aspectos:

- Grao de adecuación persoal á praza e disposición do/da candidato/a a cumprir coas necesidades que require a función para a que pode ser contratado/a.
- Grao de coñecemento do territorio da Mancomunidad.
- Grao de coñecemento dos idiomas oficiais na CCAA (castelán e galego).
- Grao de coñecemento dos procedementos administrativos.
- Grao de coñecemento e manexo das aplicacións de informática de xestión.
- Grao de capacidade para traballar en equipo, dinamismo e iniciativa.

10.2. Puntuación final das persoas candidatas

A Comisión de selección, unha vez rematadas as tres fases de puntuación descritas no anterior apartado, establecerá as puntuacións finais dos/das candidatos/as, tendo en conta que a puntuación máxima será de 10 puntos.

A puntuación final virá dada pola suma dos puntos acadados en cada fase, determinando a orde de prelación das persoas aspirantes para a súa posterior contratación pola entidade promotora.

Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións finais obtidas por dúas ou máis persoas candidatas, estarase aos seguintes criterios, segundo a orde que se establece de seguido:

- 1º. A puntuación obtida na proba práctica
- 2º. A puntuación obtida na entrevista.
- 3º. A concorrencia na persoa candidata de todos ou dalgún dos requisitos preferentes establecidos no artigo 13.d) da Orde de 9 de xaneiro de 2023.

Unha vez establecidas as ditas puntuacións, publicarase a lista de resultados provisional, coa puntuación dos/as candidatos/as que participaron no proceso e superaron a proba práctica (nota de corte) ou coa mención de “non apto”, no caso dos aspirantes que non alcanzasen a devandita puntuación mínima. Coa publicación, outorgarase un prazo mínimo de **1 día hábil** para posibles reclamacións por parte das persoas valoradas, tras o cal publicarase xa o listado definitivo.

A Comisión de Selección elaborará unha acta na que se recollerá a puntuación de cada aspirante que superase o proceso selectivo e, no seu caso, o listado de aspirantes non aptos, e unha proposta de contratación que será elevada á Presidencia da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo.



As praza convocada cubrirase, a proposta da Comisión de Selección, coa persoa candidata que, despois de realizada a totalidade do proceso de selección, obteña a maior puntuación final.

Unha vez finalizado o proceso de selección, a persoa que obtivera a maior puntuación (sumando os puntos das tres fases do procedemento) deberán acreditar novamente ante a Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo, para a súa contratación, os requirimentos de ser perceptor da RISGA e ser demandante de emprego sen ocupación (mediante tarxeta de demanda e vida laboral actualizada), tal como establece o artigo 13.d) da Orde de 9 de xaneiro de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. A non debida acreditación dos mesmos será causa de exclusión do proceso selectivo. A Mancomunidad de Vigo procedería, polo tanto, a chamar á seguinte persoa con maior puntuación para a acreditación dos méritos e contratación.

10.3. Lista de reserva

Rematado o proceso selectivo, a Comisión de Selección elaborará unha lista de reserva para os supostos de rexeitamento de nomeamento/contratación ou baixa voluntaria da persoa titular, integrada polas persoas candidatas que se presentasen ao proceso de selección.

Os/as suplentes da praza serán aqueles/as candidatos/as que, reunindo a anterior condición, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás das persoas propostas para ocupar as prazas obxecto da convocatoria.

Esta lista, que terá validez indefinida, empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez seleccionado ao/á candidato/a titular da praza.

No suposto de que a lista de reserva se esgotara e fose preciso substituír ás persoas que deixaron vacantes as prazas, procederase a realizar un novo proceso selectivo.

8. INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven destas, así como as actuacións da Comisión de Selección, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo común das Administracións Públicas

O Tribunal de selección será o encargado de resolver as incidencias e reclamacións que puideran derivarse do proceso de selección establecido nestas bases.

Lgs

En Vigo, na data da sinatura dixital

O secretario da MAIV

Jose Riesgo Boluda





ANEXO I - SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO

DENOMINACIÓN DA PRAZA:

OFICIAL ADMINISTRATIVO/A PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO DENOMINADO “APOIO ÁS LABORES ADMINISTRATIVAS DA MAIV” SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE AO ABEIRO DA ORDE DE 9 DE XANEIRO DE 2023

DATOS IDENTIFICATIVOS DO/A CANDIDATO/A

| | | | |
|--------------------|--|----------------|--|
| Nome e apelidos | | | |
| DNI | | | |
| Data nacemento | | Concello | |
| Enderezo | | | |
| Concello | | CP | |
| Teléfono fixo | | Teléfono móbil | |
| Correo electrónico | | | |

O/A CANDIDATO/A, cuxos datos constan no apartado anterior

EXPÓN:

Que, en base ao procedemento de presentación da correspondente oferta de emprego realizada a través do Servizo Público de Emprego de Galicia, tivo coñecemento da convocatoria realizada para a provisión temporal da praza de ADMINISTRATIVO/A para o proxecto denominado “Apoio ás labores administrativas da MAIV (2023)” no marco do programa para a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA por parte de entidades locais (Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de 9 de xaneiro de 2023).

Que cumpre todos os requisitos establecidos no punto 6 das bases reitoras do proceso de selección dun **OFICIAL ADMINISTRATIVO/A PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO DENOMINADO “APOIO ÁS LABORES ADMINISTRATIVAS DA MAIV”**, de data __/__/2023; e

SOLICITA ser admitido/a no proceso selectivo convocado con tal finalidade, para o que xunta fotocopia do DNI ou NIE, e xustificación de cumprimento dos requisitos establecidos no apartado 6 das bases reitoras do proceso de selección, así como dos requisitos preferentes que se valorarán segundo o apartado 7.3 das citadas bases.

RENUNCIA a participar no proceso selectivo para o que foi convocado/a.

En Vigo , a _____ de _____ de 2023

Sinatura: